



E ademais convosco herdades tamén pasos que, tan xuntos, tan diversos, outros deramos, por falar-mos, nós, todos os que axiña pasamos.

Facede o que ben mellor vexades, pero pídivos que conveñades amarrar forza precisa e combinada para o combate —tras tantos aínda en pendente— por animar, iluminar e sumar vida a esta que nos arre-fría cos tempos xa pasados e os que están por vir: lingua que nós somos, que sobamos, entre todos inventada. Tomádea agora: dobrar, marcar, ventilar... Só non afastar (baixo pena de vos rematar).

Xela Arias

Escritora